



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Inicio do procedemento de declaración da parcela do POL-1 do API S37, sito na avenida da Pasaxe, lugar Pedro Fernández, coma zona de situación acústica especial, e apertura dun período de información pública e audiencia

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 18 de marzo de 2026, acordou por unanimidade iniciar o procedemento de declaración da parcela do POL-1 do API S37, sito na Avenida da Pasaxe, Lugar Pedro Fernández, coma *Zona de Situación Acústica Especial*, de conformidade co disposto nos artigos 20 e 26 da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruido, á vista do informe emitido en data 20 de febreiro do 2026 polo xefe de Departamento de Actividade Industrial, para a aplicación das medidas correctoras propostas no dito informe co obxectivo de mellorar a calidade acústica da zona e acadar o cumprimento dos OCA correspondentes ao espazo interior.

Na mesma sesión acordouse abrir un período de información pública e audiencia ás persoas e colectivos potencialmente interesados por prazo de 30 días hábiles, computados a partir do día seguinte ao de publicación desta Resolución no BOP da Coruña e no Sistema de Información Ambiental Municipal.

Os documentos relativos a esta declaración están dispoñibles para a súa consulta na web www.coruna.gal/medioambiente.

A Coruña, 20 de marzo de 2026

A xefa do Servizo de Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves

2026/1733